

A INMORAL DOUTORA CONS

ROBERTO FERNÁNDEZ ÁLVAREZ

XLI Premio Blanco-Amor de Novela 2022



Aira

A Carme Leonor.

Aos tres de cada día.

Aos nove de sempre.

I

O meu nome é Nonato González Quintela. Quintela pola miña nai, diso non hai dúbida. Fun testemuña dos graves feitos que aquí se cometeron, mais nunca fun chamado por ningún xuíz. Golpe foi o meu alcume. Retornei para morrer nesta miña terra, que é a miña. Consinto que se grave o que vou contar.

Unha aldea é unha mostra da humanidade enteira. Por iso o que nela aconteceu atopeino repetido en moitos recunchos do mundo. Só cambiaban os motivos, o recendo e os personaxes. Cantas lembranzas se reducen a un esquema de dúas ou tres fotografías nas fonduras da miña mente. O esquecemento, que ás veces é máis útil ca a memoria, transformou algúns feitos en caricaturas.

Gardo un caderno de contabilidade e algúns documentos, tamén rillados polo tempo, que me axudarán a rescatar o pouco que teño para contarlle. Permítame que procure neles o que a miña memoria me nega. Medrei case analfabeto ata os dezaseis anos —isto é feito, non caricatura—. A única propiedade do meu pai era un coitelo de prata con puño de marfil que trouxera o meu avó da Habana. As terras que traballabamos pertencíanlle á familia Fidalgo. A escola non era compatible co meu destino, formado pola corda, o cesto e o arado. Pero a doutora África Cons del Valle ocupouse de min. Ela ensinoume ortografía, Inglés, educación e, sobre todo, o modo de seguir aprendendo. Todo iso servíume para fuxir da terra, empregarme como libreiro en Veracruz, como contable no df, como empresario en Yorkville. Todo o útil para ter éxito no mundo débollo a ela.

Eu, en cambio, non souben aprenderlle o necesario para triunfar na aldea. Cando se despediu de min fíxome só un encargo: «Estuda un pouco cada día; chegarás moi lonxe»; endexamais faltei a esa promesa.

A doutora viña da cidade; entón non era doado chegar a Pazos de Arenteiro. Había que vir en tren ata O Carballiño, logo esperar a que saíse a liña de Bugallo para Pontevedra. O dono era un tal Casiano Bugallo. Traballaba tamén de porteiro do Concello. Cando o Casiano enchía o autobús prendía un sorriso na súa faciana de anxo imberbe e empuxaba o seu corpo de touciño cara ao volante. Só entón acendía o motor. Dáballes os mellores asentos a quen pagaba mellor e sempre reservaba o sentadoiro do lado para unha muller. Ningunha quería esa praza. Ao relento viaxaban os máis pobres; eran os mesmos que se apeaban a empuxar nas subidas escarpadas. Nas baixadas, se podía, atropelaba lebres e coellos. Cans tamén atropelaba. O Casiano apareceu morto unha mañá, debruzado na capota do motor.

Pois o tal Casiano Bugallo era primo do doutor Celestino Bugallo Ferreiro. Lembrado cirurxián de apendicite, operou de balde moitos labregos humildes, aínda no caso de que consultasen por neurastenia ou por caída do bandullo. Defendía que é misión da cirurxía adiantarse á enfermidade. Non todos resistían as intervencións, pero esa posibilidade estaba prevista como unha forma de selección dos máis fortes. O tremor progresivo da súa man dereita controlábase cunha apócema da súa invención que sacaba de estilar bagazo con substancias medicinais. Foi capitán do Exército e primeiro heroe de guerra da contorna —disque por amputar a súa propia perna nun apuro—. Gañou sona como obstetra —aínda

que refusedo polos seus métodos salvaxes—. Gustou dos manxares finos e xenerosos e da *dieta famis* aplicada nou-tros. Foi pai, padriño e compadre de moitos e parente de case todos. Foi coma un Deus omnipresente. Foi no todo.

Abandonei a miña casa aos trece anos para servir a don Celestino. Pedinlle moito de comer e sempre contestaba: «Cala a boca, que comes coma unha garlopa para o pouco que traballas». Consideraba que eu estaba ben pago co que aprendía: «Sabenzas que algún día hanche valer para meterte a curandeiro ou cruzar a Portugal cun maletín e unhas lentes e traballar sen título ata que te boten». Cando alguén quería darme unha propina, don Celestino rexeitábaa: «Ao truán non lle deas, que o gasta en tabaco», e iso era mentira, eu fumaba follas secas liadas en papel de envolver.

Unha desas mañás nas que se escoitan as chicharras agarroume polo pescozo don Cirilo Bugallo —primo segundo de don Celestino e terceiro do Casiano—. Era secretario do Concello. Miroume desde o fondo das súas gafas gordas e dixo.

—Atende, Golpe, que vén un médico novo para a praza de don Ventura.

Don Ventura morrera anos atrás. Lémbroo pouco: un home ancián e xordo; escoitaba polos dentes cun aparello en forma de abanico que mordía cada vez que alguén lle falaba. Pero non morreu de vello, senón atropelado polo tren que viña de Vigo. O seu posto quedou libre varios anos por orde de don Celestino. Outro home de peso mandou, máis tarde, cubrir a praza vacante. Ese home de peso era don Rubén Darío Fidalgo Mosquera, o enxeñeiro, que tiña moita máis riqueza ca don Celestino. Pero o heroe de guerra conmovía as autoridades cando

arrincaba a perna ortopédica e a poñía arriba da mesa. Ademais sabía a vida dos pobres e dos ricos, armaba e rompía matrimonios, ordenaba paz entre inimigos ou liortas entre irmáns, sacaba unha moa pola mañá e pola tarde poñía un alcalde.

A familia de don Rubén Fidalgo habitou o pazo máis grande da vila, onde a miña nai traballou de cociñeira ata que morreu o patriarca, don Práxedes. Os Fidalgos posuían minas de estaño e de volframio na provincia e grandes negocios de exportación de viño, que saía dos seus viñedos e que logo se multiplicaba na planta embotelladora que tiñan moi preto do río. Nos anos corenta os alemáns enriqueceron os Fidalgo porque lles compraban grandes cantidades de mineral e de viño. Calquera destas mercadorías podería usarse como material de guerra.

Don Cirilo, que tiña mando, entrou na miña casa e apertoume o pescozo coa man dereita. Na esquerda traía unha alcándara de madeira. Falaba coma de broma, pero ía en serio.

—Golpe, mañá quitas os piollos, vistes este traxe e vas recibir o novo médico. Seguro que virá no taxi. Lévaslle de agasallo esta bolsa de tabaco. Logo o traxe tráelo de volta.

Antes de esperar a chegada do médico pasei pola casa de don Celestino, para ver se poñía cara de luns ou de domingo.

—Teña bo día, don Celestino. Teño a boa noticia de que por fin vai ter vostede compañeiro. O secretario mandoume recibilo mañá na porta da vila.

O doutor estaba no patio mastigando froita. Agachouse por un cavaco do chan e guindoumo á cabeza.

—Lisca de aí, tolleito. Tras de ti vén o mal fado.

Unha casualidade que deu na morte dun veciño deixou en min reputación de gafe. Outro azar atribuíulle esa mesma condición ao Ezequiel Iglesias. Noutro momento contareino.

Pola mañá metín o meu corpo dentro daquel traxe folgado. Sentín coma quen vai espido no interior dunha caixa fachendosa. Collín un trisco de pan de millo e unhas noces. Agardei á beira da capela coma can polo dono. Chegou o mediodía e pasou de longo, ningún auto. Comín o pan e acabei coas noces. Chegou a tarde e, por aburrimto, coa navalla comecei a labrar un pau. Dábaseme ben facer figuras coa madeira, pero só a coitelo, pois un día o mestre regaloume unha gobia para tallar e non me afixen a ela. Regaleilla ao primo da miña defunta nai, que facía caixas de mortos e me tivo de empregado un tempo. O primeiro que fixo foi gravar o meu nome nun cadaleito que tiña acabado, logo díxome: «Agora vas andar dereitiño».

Labrei no pau a silueta dun home. O taxi tardaba tanto que me deu tempo de rematar todos os trazos: a cara con bigote e gafas, o corpo co gabán, o maletín, o chapeu; na boca un cigarro. Cheguei a pensar que don Cirilo me gastara unha broma, como era o seu costume, para recibirme logo coa súa risa de galiña choca. A piques de marchar, o son temperado dun motor moveu as follas. Púxenme en pé e saín ao seu encontro. Aínda tardou en chegar á curva que lle dá entrada á aldea. Non era o taxi de sempre. Parou.

—Ven acá, rapaz. A casa do médico é a do cabo do lugar?

O home érame cara coñecida, un taxista do Carballiño, pero había moito tempo que non o vía e pensei: